

Luns, 16 de setembro de 2019

Núm. 177

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓN DE OBRAS E ACTUACIÓNS NAS ZONAS DE INFLUENCIA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 13 de setembro de 2019, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais.

De conformidade co disposto no artigo 17 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), os interesados os que se refire o artigo 18 do citado texto refundido da Lei de Facendas Locais poderán examinar o expediente e durante o mesmo prazo daráselles audiencia a efectos de que poidan presentar as reclamacións e facer as alegacións e suxerencias que estimen oportunas.

No caso de que non se formulen reclamacións durante o período de exposición pública este acordo provisional considerarase elevado a definitivo de conformidade co que dispón o artigo 17.3 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Así mesmo durante o prazo de exposición pública e de acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse na páxina web "www.depo.gal" os correspondentes informes do expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais e o texto da ordenanza cos artigos modificados.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra, 13 de setembro de 2019.

O deputado delegado área de Réxime Interior,
Economía, Facenda, Novas Tecnoloxías e Oral
(Delegación efectuada por R. P. nº 2019012988 de data 15-07-2019)

Carlos López Font

O secretario

Carlos Cuadrado Romay

